

O Festival Outono Fotográfico, a Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo convocan o VI PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA, de acordo coas seguintes

BASES

PRIMEIRA | *Obxecto*

Promover a fotografía contemporánea e as cuestións éticas que suscita, en xeral, a arte contemporánea respecto das formas de dominación e a imposición de límites ao pensamento. Promover a creación dun espazo fotográfico en Galicia que complemente o creado durante máis de tres décadas polo Outono Fotográfico mediante o incentivo de propostas de carácter visual-fotográficas por parte de autores/as tanto nacionais como estranxeiros.

Poderá participar calquera autor ou autora que traballe coa fotografía con independencia da súa nacionalidade, tendo en conta que no fallo do Xurado pesará de modo especial a súa inserción no discurso da fotografía contemporánea.

SEGUNDA | *Premio*

Concederáse un único premio consistente na PRODUCCIÓN DUNHA EXPOSICIÓN e/ou a PUBLICACIÓN DUN UN LIBRO.

1. PRODUCCIÓN DUNHA EXPOSICIÓN

Co proxecto fotográfico premiado produciríase unha exposición temporal que se inauguraría entre os meses de novembro e decembro de 2018. As características técnicas serán fixadas pola organización do certame en función da propia obra e do límite orzamentario. A exposición sería producida polo Outono Fotográfico que nomearía un **curador responsable do deseño, edición e dimensionado da mesma.**

2. PUBLICACIÓN DE LIBRO

A edición dun libro que formaríase parte da serie «PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA» da colección «OF» e que se distribuiría nas librarías. **Levará o selo editorial de Difusora de Letras Artes e Ideas, editorial que nomeará ao editor e deseñador que será responsable único da edición do libro.** Ademais, unha selección de fotografías que o curador nomeado polo Festival Outono Fotográfico decida, formará parte do libro do Festival Outono Fotográfico do ano seguinte.

ITINERANCIA. A exposición sería inaugurada no marco do Festival Outono Fotográfico e podería itinerar durante 2 anos dentro da súa programación así como tamén da programación que elaboren a tal efecto tanto a Deputación de Lugo como a Xunta de Galicia.



TERCEIRA | *Características do proxecto a presentar*

As/os autoras/es participantes deberán presentar un proxecto fotográfico realizado en calquera data comprendida entre setembro de 2008 e setembro de 2018, e que non fora subvencionado ou becado na súa totalidade anteriormente noutro certame, nin editado na súa totalidade en calquera soporte, con enteira liberdade respecto ao tema e á técnica.

CUARTA | *Prazo de presentación, devolución e condicións*

O prazo de presentación das obras será do 30 de xuño ao 15 de setembro de 2018.

Os proxectos enviaranse por correo ou por medio de calquera empresa de transporte a:

DIFUSORA DE LETRAS, ARTES E IDEAS

PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA

San Benito da Veiga 33B [O Cimbri - Costa da Vela]

32711 Sabadelle, Pereiro de Aguiar

OURENSE, GALIZA, ESPAÑA

Deberá terse en conta que só se aceptarán aqueles paquetes de Correos (ou calquera empresa de mensaxería) coa data límite do 15 de setembro de 2018 acreditada mediante o resguardo correspondente ao envío.

Os gastos de envío e os seguros de transporte (no caso de habelos) dos proxectos, correrán por conta do autor ou autora. Os proxectos seleccionados pasarán a formar parte dos fondos do Festival Outono Fotográfico. Os dossiers non seleccionados serán retirados polas súas autoras e autores no enderezo indicado antes dos 30 días seguintes á publicación do fallo. Pasada esa data, a organización entenderá que o autor ou autora declina a súa devolución, polo que serán destruídos.

A organización non se responsabilizará das perdas ou danos causados durante o envío ou recepción. A/o concursante poderá contratar, pola súa conta, un seguro que os ampare ditos riscos.

QUINTA | *Documentación a presentar en dous sobres diferentes pechados e co título do proxecto escrito no exterior de ambos seguido da letra A ou B segundo o contido que se explica a continuación:*

Sobre A. O Proxecto: (Tanto o sobre como todo o seu contido non poderá ter o nome da autora ou autor)

1. Os/as autores participantes deberán entregar un dossier onde se debulle un proxecto fotográfico. Este dossier non terá unha extensión maior de 5 folios e presentarse en papel e en CD.

2. Ficha técnica do proxecto fotográfico, **no anexo A**, ao final destas bases, na que se inclúa o título do proxecto, sinopse do proxecto de non máis de 10 liñas, técnica, soportes, e calquera outro apuntamento relevante que defina o proxecto. Presentaranse tamén unha copia en papel e unha no mesmo CD.



3. Un portfolio con non menos de 15 imaxes do proxecto, onde se poderán facer breves apuntamentos a modo de pé de foto que vullan de aclaración ao xurado. As imaxes non superarán o tamaño de 20x30 cm. Dito portfolio presentarase tanto en formato dixital con 300 dpi e en JPG (comprimido en calidade alta), como en formato impreso.

4. Un segundo portafolios de non menos de dez imaxes de outros traballos, nun tamaño non superior a 20x30 cm. Dito portafolios presentarase só en formato dixital no mesmo CD, con 300 dpi e en JPG (comprimido en calidade alta).

Sobre B. Inscripción. Deberá estar pechado. So levará escrito no exterior o título do proxecto seguido da letra B, e deberá conter:

- 1.** Impreso de participación debidamente cumprimentado e firmado que se atopa ao final das presentes Bases. (Anexo B)
- 2.** Fotocopia do D.N.I. ou Pasaporte.
- 3.** Currículo da/o autora/or.

Rexeitarase a documentación presentada que se envíe en sobres non pechados ou sen o título do proxecto, ou que conteña calquera dato identificativo do autor/a por fóra dos sobres ou na documentación contida no sobre A. Tampouco se admitirá a presentación a través de e-mail.

SEXTA | Composición do Xurado. O Xurado estará composto por:

- 1 persoa que nomee a Deputación de Lugo
 - 1 persoa que nomee a Xunta de Galicia
 - Director do Outono Fotográfico
 - Curador que nomee o Outono Fotográfico
 - Galerista especializado en fotografía
 - Curadora/or independente con experiencia no mundo da fotografía
 - Fotógrafa/o
- Actuará como Secretaria/o con voz e sen voto, unha funcionaria/o de calquera das administracións patrocinadoras.

SÉTIMA | Proceso de selección de obras e publicidade do fallo

O Xurado fará a selección de tres proxectos, que serán os finalistas. Os nomes dos autores ou autoras publicaranse o 22 de setembro de 2018 en www.outonofotografico.com e nas redes sociais do festival. A selección realizarase atendendo á linguaxe visual do autor ou da autora, á calidade fotográfica, á contemporaneidade.

48 horas despois o Xurado designará ao gañador ou gañadora de entre os finalistas, e o seu nome será publicado nas mesmas canles citadas máis arriba.



O fallo do Xurado será inapelable. A organización só contactará directamente co autor ou autora gañador/a.

OITAVA | Realización do proxecto

O gañador/a comprométese á entrega do conxunto de imaxes, textos ou obxectos que conformen o seu proxecto antes do día 6 de outubro de 2018. A organización poderá poñerse en contacto co gañador ou gañadora para supervisar o traballo realizado. O Festival Outono Fotográfico designará unha persoa que apoie ou titorice o proxecto gañador, así como un comisario para a posible exposición. O Festival poderá solicitar ao gañador/a material adicional para incluír no posible libro a editar.

NOVENA | Exposición e edición do libro

A exposición produciríase logo de ter entregado o traballo, e até o 20 de novembro de 2018, de xeito que estea lista para a súa inauguración, despois do 22 do mesmo mes, se é posible dentro do marco do Festival Outono Fotográfico. Paralelamente prepararíase a edición do libro.

DÉCIMA | Garantías

As fotografías e fotógrafos son legalmente responsables de garantir que cumpren cos requisitos do PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA en canto a propiedade en sentido estrito e intelectual. As inscricións que non satisfagan estes criterios non se poderán seleccionar e serán sacadas do concurso.

Ao aceptar participar no PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA, os autores e autoras:

- 1.** Garanten que son os propietarios do traballo que presentan, que posúen ou que lles está conferida na súa totalidade a propiedade intelectual e que se o traballo foi encargado con fins privados e domésticos posúe a autorización da persoa ou entidade pública ou privada que o encargou.
- 2.** Garanten que obtiveron a correspondente autorización das persoas que figuran nas fotografías presentadas respecto á súa exhibición e reprodución. Os fotógrafos e fotografías deben, se así se lles pide, ser quen de presentar unha autorización firmada das persoas que figuran nas fotografías por eles/as presentadas.
- 3.** Aceptan que a parte do seu traballo que pasa a formar parte do acervo do Festival Outono Fotográfico (punto 10.8 destas bases) poida ser exposta posteriormente aos dous anos de itinerancia en calquera outro lugar de exposición promovido polos organizadores.
- 4.** Aceptan que a organización poida reproducir e/ou licenzar a reprodución de calquera das imaxes ou textos que formen parte do proxecto premiado no PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA, sen que leve parello ningún pago ao fotógrafo/a ou a modelo ningún pola utilización con fins culturais e educativos e tamén os relativos á difusión do Premio, en calquera medio de ámbito mundial, engadidos catálogos e Internet.



5. A propiedade intelectual das fotografías seleccionadas será mantida en todo momento pola fotógrafa ou fotógrafo e sempre que se use unha imaxe a autoría da mesma será atribuída ao autor/a.
6. Nos 2 anos que a exposición estea dispoñibel para itinerar, o autor/a ten dereito a solicitala e dispor dela, sempre e cando estea libre e se encargue dos transportes e seguros da mesma.
7. O libro editarase en Difusora de Letras, Artes e Ideas, S.L. dentro da colección «OF» adicada ao Outono Fotográfico, e non retribuirá ningún importe á autora ou autor pola publicación e xestión da publicación. A ratio de venda que correspondería ao autor ou autora repercutirá no Premio Galicia de Fotografía Contemporánea do seguinte ano. Farase unha soa edición dun máximo de 1.000 exemplares. O Festival Outono Fotográfico resérvase o dereito á reedición que, chegado o caso, se negociará co autor ou autora.
8. A exposición producida será propiedade do autor ou autora premiada salvo un duplicado da obra ou obras seleccionadas polo xurado e que pasará a formar parte do fondo fotográfico do Festival Outono Fotográfico.

UNDÉCIMA | Aceptación das Bases

A participación no PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA supón a plena aceptación das presentes bases e, no previsto nas mesmas, estarase ao que dictamine o Xurado, que terá un fallo inapelable.

E para que así conste, a **autora ou autor** do proxecto premiado por unha parte, e o **coordinador do PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA** por outra, asinarán as presentes bases por triplicado en proba de conformidade e a efecto de facer cumprilas. No caso de se producir discrepancias graves na interpretación ou execución das mesmas, as partes, con renuncia a calquera outro foro, sométense expresamente aos xulgados e tribunais de Ourense.

